

Entrevista a Manuel Castro, presidente de AEMOS

Páxina II

Hernán Sío, Campión Galego de ximnasia rítmica en infantil

Páxina IV

Salceda licita o SAF por 2.895.894,26 €

Páxina VI

A "Explanada do Horizonte" do Rosal, xa dispoñible para desfrute da veciñanza

Páxina IX

Homenaxe poético a Victoriano Taibo

Páxina XI

Arrancan as obras da Rúa Calvario na Guarda

Páxina XV



## Salceda premiada no certame "Vilas en Flor"

Páxina VII

*Gracias*

**50**  
Pompas Fúnebres  
del Condado  
desde 1964



## Manuel Castro, presidente da Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS)

## "En AEMOS potenciamos o asociacionismo"

**N**a xunta directiva da Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS) celebrada o pasado 30 de setembro, Manuel Castro foi reelixido na presidencia deste organismo para os próximos catro anos. A Peneira-Novas

do Eixo Atlántico aproveitou a ocasión para entrevista-lo no Viveiro Empresarial que AEMOS ten no Parque Empresarial de Mos (PEMOS), localizado no Polígono Industrial A Veigadaña deste concello pontevedrés.

**Recentemente foi reelixido como presidente da Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS). Cales son os retos que se abren nesta nova etapa ao fronte desta institución?**

É unha etapa que se albisca complicada pola situación que estamos vivindo co COVID, e que está implicando un problema co respecto á economía das empresas. Esta Asociación nútrese de empresas, de pymes, de autónomos e como son o noso principal valor, estamos agora moi preocupados coa actual situación. Neste sentido, o que pretendemos é seguir avanzando en axudar, en colaborar, en intermediar con tódalas nosas empresas e asociados de cara a conseguir unha maior dinamización da economía, sobre todo na zona do noso ámbito de influencia que é Mos. Pero nós tamén traballamos en Vigo, Redondela, O Porriño, temos asociados de diferentes ámbitos e non só de Mos. O que buscamos principalmente é traballar polo emprego e a formación. Son os dous piares máis importantes que agora mesmo queremos potenciar.

**En outubro de 2020, AEMOS cumpriu 26 anos.**

Si, o ano pasado fixemos os 25 anos e agora cumprimos os 26. Tentaremos seguir crecendo. Esta é unha Asociación que busca ser dinámica e fomentar o asociacionismo. O feedback que recibemos dos asociados é moi bo, no sentido de que non somos unha asociación ao uso, que de vez en cando realizamos algún comunicado e simplemente os asociados pagan unha cota. Nós

potenciamos moito os servizos. Nestes próximos catro anos queremos potenciar aínda máis os servizos aos nosos asociados, principalmente a formación para directivos, para os traballadores. Formación específica, á carta, o que realmente precisa cada empresa polo seu sector, actividade ou porque queren formar aos seus traballadores para un determinado campo.

Co respecto ao emprego, AEMOS dispón dun portal de emprego onde xestionamos a oferta e a demanda, e alí os nosos técnicos son especialistas porque cando un asociado demándanos un perfil concreto, o que facemos é unha selección moi exhaustiva dese perfil. Cando mandamos un perfil a unha empresa, xa foi previamente avaliado e verificado que ese perfil pode reunir as condicións que a empresa precisa. Alí damos un servizo moi concreto e profesional para os nosos asociados, que puxemos en valor na última asemblea e que queremos que iso cada vez teña máis relevancia.

Tamén traballamos na intermediación ante calquera conflito que poidan ter as nosas empresas ou asociados con institucións, con Concellos, coa Xunta. Acompañámolos, asesorámolos e tentamos resolver calquera incidencia que teñan.

**Que proxectos ten AEMOS para os próximos anos?**

Co respecto a algúns proxectos que temos para os próximos catro anos, para entrar en contexto, aquí estamos nun Viveiro Empresarial, que o fixemos pensando nos emprendedores, nas micropymes, para que teñan aquí un es-

pazo. Neste viveiro hai catro obradoiros que están agora baleiros pero que estamos traballando para que poidan implantarse neste viveiro. Son catro obradoiros onde calquera emprendedor, micropyme que teña unha idea industrial, un proxecto, poida desenvolve-lo aquí, con tódalas tecnoloxías que precise, de conexións eléctricas, internet, e cunhas condicións económicas moi vantaxosas, con custes moi reducidos porque así está marcado na normativa dos viveiros empresariais.

Na outra parte da parcela onde estamos, que é unha parcela da asociación, en dereito de superficie que adquirimos fai catro anos, fixemos unha escola infantil, na que conseguimos conciliar a vida familiar e profesional. Poder ter unha escola infantil aquí, dentro da área industrial, é importante porque os traballadores poden deixar aos seus fillos na escola e pode igualmente traballar practicamente ao lado da escola.

E agora, o que nos queda para os próximos catro anos é o proxecto principal, entre a escola e este viveiro, facer o edificio do Centro de Negocios e de Servizos.

**Precisamente gustaríanos que nos comentara sobre este proxecto.**

O Centro de Negocios e de Servizos sería o edificio principal do parque empresarial onde ter un sitio de reunión para tódalas empresas, para tódolos traballadores, onde podan existir servizos de restauración, sobre todo, onde estean os propios servizos da asociación para dar cabida a todo o que precisamos, onde poida haber



un servizo de oficina bancaria, de seguros, asesoramento, tódolos servizos propios dun parque empresarial, que agora mesmo carecemos. Ese proxecto está agora mesmo en fase de redacción, xa o temos adxudicado a un estudo de arquitectura e, o mais importante, estamos tamén buscando financiación para o mesmo porque é un proxecto moi ambicioso e a miña idea é tentar sacalo adiante nos próximos catro anos.

**Con cantos socios conta AEMOS na actualidade?**

Ó redor dos 350 socios e temos unha figura máis en torno a colaboradores. Polos nosos estatutos, os socios teñen que pertencer ao noso ámbito de Mos. Se ti tes unha empresa en Porriño, non poderías ser socio. Pero contando coa figura de colaborador, si o poderías facer e, ó final, practicamente ven sendo o mesmo. Estase potenciando moito isto porque moitas empresas ven á Asociación

como alguén que lles pode "botar unha man", que ofrece servizos, que pode interactuar.

Unha das nosas liñas de actuación é seguir potenciando o asociacionismo. Un dos nosos técnicos estará traballando diariamente para conseguir máis socios, máis masa asociativa, e con iso ao final é a forma de autoabastecernos economicamente.

**Como está afectando a pandemia da COVID 19 aos proxectos e a operatividade de AEMOS?**

Nós continuamos traballando practicamente do mesmo xeito, cos mesmos servizos. É evidente que moitas accións nos puidemos realiza-las dun xeito presencial, como nos houbera gustado, senón de xeito telemático, pero os nosos técnicos seguiron traballando aquí. O que si fixemos é estar por riba das empresas en todo o que precisaban a nivel económico, asesorarlles a nivel de axudas, e a nivel de xestión de emprego.

### Observa perspectivas de recuperación para a actual crise socioeconómica?

Para ser sincero, a curto e mediano prazo, non vexo unha recuperación económica. Mais ben, os indicadores dicen que é posible que a economía empeore no primeiro semestre de 2021. No obstante, e teño que dicilo claramente, dende a parte empresarial temos que ser positivos. Hai que mirar ao futuro con fe e esperanza e as nosas empresas teñen que saír adiante. Eu plantei isto tamén na última asemblea: está ben que digamos a realidade da situación pero temos tamén que ser un pouco positivos.

### En toda esta situación parecera estar acelerándose o tránsito cara a economía dixital. Como ven dende AEMOS esta transformación socioeconómica?

Evidentemente, é totalmente certo. As empresas pouco a pouco estanse reconvertendo e pasar a usar cada vez mais a economía dixital, os canais dixitais. É algo que estamos notando diariamente. Con algunhas das nosas empresas, sobre todo pequenas empresas, era complicado establecer unha conexión telemática. Agora xa se están preparando, estanse informando e traballando dun xeito telemático tanto para as súas xestións comerciais como para os seus canais de venda, etc. Evidentemente, esta é unha pandemia que ó final axúdanos a atopar novas solucións a nivel comercial, principalmente, que é o que precisamos as empresas.

### A Xunta de Galicia ven de impulsar o Plan de Reactivación Económica de Galicia. Dende a perspectiva de AEMOS, cales son os puntos chave deste plan e a súa capacidade para implementarse?

Nese plan é importante que a

Xunta de Galicia pónase en disposición da economía das empresas, buscando canais de axudas, que ofrezan financiación a un custe económico moi axustado. Logo son tamén moi importantes as axudas para xerar emprego, e outro dos aspectos importantes é seguir tendo fondos para formación dos nosos traballadores, principalmente para adaptarnos a esas novas tecnoloxías e xeitos de traballar, que as empresas teñan que adaptarse á transformación dixital. Iso é o que precisamos, que dende a Xunta de Galicia se fagan programas nesa liña.

### Algún comentario final?

Quería tamén comentar que dende AEMOS estamos traballando nos derradeiros anos con plans de emprego. Temos en vigor o plan de emprego para 100 persoas en situación de desemprego, onde lles ofrecemos formación e un compromiso de contratación para moitos deles. E iso o facemos en colaboración coas nosas empresas.

Temos tamén un plan contra a violencia de xénero. Fai dez días concedéronos o quinto plan contra a violencia de xénero, onde tentamos axudar a 35 mulleres que por desgraza teñen pasado por unha situación de violencia familiar.

Comentar igualmente que seguimos coas nosas actividades de networking e os almozos informativos que facemos na nosa Asociación dun xeito habitual durante o ano. Tamén servizos de enerxía eléctrica ofrecendo prezos moi axustados co respecto ao que hai no mercado para abaratar custes. Servizos en vehículos de renting, convenios de colaboración con diferentes entidades onde ofrécense prezos especiais para os nosos asociados, tentando sempre ser o máis dinámicos posibles para axudar ao máximo as nosas empresas.

## Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo: "A solución do tramo Puxeiros-Porriño pola AP-9 é unha cuestión de vida"

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, recibiu a Ana Pastor, Vicepresidenta Segunda do Congreso dos Deputados, deputada polo Partido Popular (PP) e súa vicesecretaria de Política Social, na sé do Concello de Mos para expoñer a emenda que presentarán para os Orzamentos Xerais do Estado (OXE) enfocado na liberalización da peaxe do tramo de 8 Km entre Puxeiros-Porriño pola AP-9, desviando así o tráfico da A-55.

Arévalo considerou que esta vía "é a máis perigosa de España" polo seu custe en vidas humanas, considerando que a súa solución "é unha cuestión de vida" para garantir un acceso seguro a Vigo. Tamén salientou o seu impacto ambiental e económico.

Pola súa banda, Pastor informou dun novo proxecto para o trazado viario en Mos, que contempla un túnel actualmente



paralizado. Toda vez, defendeu a necesidade de conseguir a "gratuidade" dun tramo "con moitos problemas" e que "parte a Mos en dous". Tamén considerou que o OXE é "escaso" no relativo aos incentivos empresariais.

No encontro tamén participaron membros da Corporación

Municipal, deputados do PP ante o Congreso, os presidentes de AEMOS e da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), a Entidade Urbanística de Conservación (EUC) e a Asociación de Transportes de Mercancías de Pontevedra e da Federación Galega de Transporte de Mercancías.

## Mos arranca La Vuelta coa súa mascarilla oficial

Ezequiel Ramos Prino, alumno do 2º curso de Bacharelato de Artes do IES de Mos, foi o gañador do concurso convocado polo Concello de Mos para seleccionar a mascarilla oficial da etapa da Volta Ciclista a España, que saíu do Pazo de Mos.

O deseño gañador, que foi seleccionado pola alcaldesa Nidia Arévalo e a concelleira de Educación Julia Loureiro entre 16 participantes, inspírase na

simboloxía do escudo de Mos, sendo esta a rosa e o xadrezado en cores vermello e amarelo, así como referencias ao ciclismo. O persoal docente do IES de Mos tamén participou neste concurso.

O Concello agasallará ao Instituto con material de papelería para deseño gráfico así como con mascarillas serigrafadas en tela, financiadas pola Volta Ciclista. As mascarillas tamén foron entregadas como aga-



sallo institucional o día da saída da Volta en Mos.



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
cursosospanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
publicidade@novasdeturonio.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 40-2016

## LOURINHA

## O PORRIÑO

## Situación "grave" pola COVID 19 no Porriño

Segundo a alcaldesa, Eva García, actualmente existen 80 infectados confirmados pola COVID e 254 persoas en illamento neste municipio, nunha situación que considerou como "grave".

García participou na reunión telemática que o Conselleiro de Sanidade Julio García Comesaña mantivo cos alcaldes e alcaldesas da área metropolitana de Vigo. A alcaldesa porriñesa demandou datos concretos da incidencia de contaxios no Concello, entre os que destacan 5 traballadores, veciños do Porriño, que proceden dunha industria cárnica con máis de 40 afectados.

En canto ás 254 persoas en estado de illamento, trátase de familiares, conviventes e laborais



que tiveran contacto cun caso positivo ata 48 horas antes de ser diagnosticado e illado.

Pola súa banda, a comisión técnica municipal de avaliación presidida por David Alonso, concelleiro de Emprego e Servizos Sociais, adxudicou un primeiro lote de axudas económicas directas, por un importe aproximado de 50.000 €, para que autónomos, pequenas e medianas empresas e micro empresas do Porriño poidan afrontar os

efectos da pandemia.

Esta primeira quenda de achegas destínanse a 42 peticionarios principalmente da hostalaría (bares, cafeterías e restaurantes) e comercio de proximidade, para afrontar gastos xerais de alugueres, amortización de préstamos bancarios, mellora tecnolóxica e medidas anti-COVID. Unha segunda quenda de axudas por adxudicar irá a 77 peticionarios, elevando o monto a 100.000 euros.

## O PP oponse a nova subida de impostos no Porriño

O Partido Popular do Porriño mostrou a súa total oposición á nova subida de impostos que promove o Goberno do Porriño, unha actualización que producirá un incremento considerable dos recibos do IBI e no imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A actualización dos valores catastrais afectará, principalmente, ás vivendas e supoñerá un significativo aumento da taxa anual. Xa no anos 2017 e 2018 O Porriño incrementou os valores catastrais nun 8% cada ano, o máximo aumento de toda Galicia.

Así, o Concello do Porriño será o único da provincia en subir o IBI en tres dos últimos catro anos á máxima porcentaxe, pasando a cuota de 200 euros en 2019 a 306,18 euros en 2021.

Cabe destacar que, como en anos anteriores, este incremento foi solicitado directamente pola

Alcaldía, ao Catastro do Ministerio de Facenda e tamén se solicitou a través da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra.

Ademais, o bipartito leva tamén a pleno a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras subindo o gravame do 2,2% vixente ao 2,7%.

Os populares defenden que unha das primeiras medidas a adoptar na situación actual sería a baixada de impostos e taxas, tal e como propuxeron o pasado mes de marzo sen obter resposta do Goberno Municipal. "O Concello do Porriño non precisa maiores ingresos, o que precisa é unha racionalización do gasto cando ano tras ano incumple todos criterios legais, a Regla de Gasto, o Periodo Medio de Pago a Proveedores...incluso os seus propios Plans Económicos Financieros", conclúe Lorenzo.

## Hernán Sío, Campión Galego de ximnasia rítmica en infantil

O gimnasta Hernán Sío, do Club Ximnasia Porriño, proclamouse Campión Galego de ximnasia rítmica masculina da categoría infantil no campionato celebrado no pavillón municipal das Travesas en Vigo.

Desta maneira consegue a clasificación directa para o Campionato de España de ximnasia rítmica que se celebrará en Valencia o 15 de novembro.



## O Porriño aprobou a Conta Xeral de 2019

A corporación municipal aprobou por maioría a Conta Xeral do Concello do Porriño do exercicio de 2019, nunha sesión extraordinaria telemática.

A aprobación acadouse cos 9 votos que sumaron PSOE, BNG, EU Son e Manuel Carrera (UDDL). Previamente desestimáronse as

alegacións presentadas polo Partido Popular e por un particular.

Na mesma sesión aprobouse definitivamente cos nove votos favorables de PSOE, BNG, EU Son e UDDL e as abstencións dos concelleiros do PP, o suplemento de crédito 2/2020 por importe de 326.000 € para diversos pagamentos xa recoñecidos.



# ALFESO

## Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES  
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

## "Lamento que a hostalería de Porriño sexa a gran damnificada coas novas restricións"

A alcaldesa Eva García botou en falta un paquete de medidas por parte da Xunta

As novas restricións decretadas pola Xunta de Galicia ante o avance da pandemia da COVID 19 está provocando que, en palabras da alcaldesa de Porriño, Eva García, a hostalería porriñesa sexa "de novo a gran damnificada".

García participou nunha videoconferencia co Ministro de Sanidade, Salvador Illa, que tamén incluíu aos alcaldes e alcaldesas de Vigo, Mos, Redondela, Gondomar e Nigrán.

Porriño é un dos concellos máis afectados por estas restricións, razón pola que a rexedora municipal "botou en falta" a colaboración da Xunta de Galicia a través dun paquete de medidas de apoio "para protexer aos sectores máis gravemente afectados". García explicou que estas restricións poden supoñer "a puntilla definitiva para o peche de moitos pequenos hostaleiros" de Porriño.

Toda vez, a alcaldesa amosou "toda a miña lealdade institucional e colaboración" coa Xunta, non sen antes demandar ao goberno autonómico "que conte cos al-



caldes e alcaldesas destes concellos" para colaborar nos labores de rastreamento e prevención dos casos de COVID 19, xa que son precisamente os gobernos municipais "os que mellor coñecen esta realidade".

**Visita "positiva" de Illa a Porriño**

Por outra banda, García recibiu en Porriño ao ministro de Sanidade do Goberno de España, Salvador Illa, quen acudiu a visitar as instalacións da factoría "Biofabri" do grupo empresarial "Zandal" na localidade porriñesa de Torneiros. Esta empresa está fabricando unha das vacinas contra a COVID 19.

Ao respecto, a alcaldesa manifestou que é "un orgullo" que

"O Porriño estea no foco mundial da solución a esta pandemia". Pola súa banda, o ministro Illa manifestou que tiña un "especial interese" en coñecer o traballo da factoría "Biofabri".

A esta visita tamén acudiron Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade; Abel Caballero, alcalde de Vigo e presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP); a directora da Axencia Española do Medicamento, María Jesús Lamas e Javier Losada, delegado do Goberno de Galicia. Todos eles foron atendidos por Pedro Fernández Puentes, presidente do grupo "Zandal"; Andrés Fernández, conselleiro delegado, e Ricardo Troncoso, director da factoría.

García aproveitou para pedir "unha maior axilidade nos procedementos urbanísticos para facilitar o crecemento das instalacións de Biofabri no Porriño", así como unha maior implicación por parte de tódalas administracións públicas para que factorías como "Biofabri" teñan "a axuda necesaria para que non se deslocalice".

## O Porriño permite tan só 75 espectadores en partidos en recintos abertos

O goberno municipal de Porriño ven de autorizar que se permita o acceso de público ata un máximo de 75 espectadores, nos eventos deportivos en instalacións municipais ao aire libre. A prohibición de público mantense en recintos pechados como o Polideportivo Municipal.

O novo decreto modifica parcialmente o anterior do 22 de outubro que obrigou a celebrar os eventos deportivos sen público, en recintos pechados e ao aire libre.

O goberno municipal decretou obrigatorio o uso da máscara para a práctica deportiva individual en todo o casco urbano.

## A Volta pasou por Mos



O pasado 5 de novembro tivo lugar a saída da etapa 15 de La Vuelta desde o Pazo de Mos.

Destapouse o mojón conmemorativo coa presenza dos presidentes da Comunidade de Montes de Mos, Manuel Barciela, e da Fundación Pazo de Mos, Antonio Rial e do ciclista mosense,

gañador dun Tour e Embaixador de La Vuelta, Óscar Pereiro.

O ciclista Purito Rodríguez recibiu o maillot conmemorativo oficial do Concello de Mos.

A Delegada da Xunta en Vigo, Marta Fernández-Tapias, e o Presidente do R.C.Celta, Carlos Moure, tamén acompañaron a Mos nesta data histórica.

## O Concello do Porriño expresa o seu fondo pesar polo falecemento do profesor Moncho Iglesias

O goberno municipal no nome do Concello do Porriño expresa o seu fondo pesar polo falecemento do profesor Moncho Iglesias.

A alcaldesa Eva García lembrou a inestimable colaboración que o profesor mantivo co Concello nos traballos que se editaron ao longo destes últimos anos sobre a obra e figura do arquitecto Antonio Palacios. Moncho Iglesias tiña un extraordinario coñecemento sobre Palacios como acredita a súa bibliografía na que hai varios títulos sobranceiros adicados ao arquitecto porriñés. De feito coa cola-

boración do Concello editáronse a propia tese doutoral de Iglesias que adicou a Palacios e o libro "Antonio Palacios, unha viaxe por Galicia", no que se recompilan un cento de bocetos, debuxos e apuntes dos cadernos de campo, totalmente inéditos, que o arquitecto realizou nas súas viaxes

A alcaldesa lamentou que a desaparición de Moncho Iglesias impida a súa participación nos actos que ata o 27 de outubro de 2021 celebrará o Concello coa ocasión do "Ano Arquitecto Antonio Palacios"

Tamén Lourdes Moure, conce-



lleira de Educación recoñeceu no nome da comunidade educativa porriñesa a intensa traxectoria pedagóxica e o gran legado que deixa o profesor Iglesias como docente que foi do Instituto de Ensino Secundario Pino Manso ata a súa recente xubilación.

## Mos apostará polas novas tecnoloxías para potenciar o "teletraballo" no 2021

A alcaldesa do Concello de Mos, Nidia Arévalo, a concelleira de Persoal e Réxime Interno, Julia Loureiro, o Secretario e a Técnico Responsable de Persoal municipais e representantes dos sindicatos CSIF, CC.OO. e CIG reuníronse coa finalidade de afrontar os cambios tecnolóxicos en materia laboral derivados da pandemia da COVID 19.

Entre estes temas destacaron a creación dunha Mesa dos delegados de prevención dos sindicatos, que informará aos re-

presentantes sindicais das medidas e protocolos municipais anti COVID-19; a RPT (Relación de Postos de Traballo) e a súa dotación de cara ao novo orzamento municipal anual de 2021; a revisión da oferta de emprego público para o vindeiro ano 2021 e a actualización do Convenio Colectivo e o Acordo Regulador; o Plan de Igualdade Municipal; e a partida do orzamento 2021 do Concello de Mos para apostar polas novas tecnoloxías e potenciar o teletraballo.

## LOURINHA

## Salceda urxe a construción da senda peonil e ciclista de Parderrubias

Dende o ano 2016, a Xunta de Galicia estivo a traballar no proxecto de construción de itinerario peonil e ciclista na PO-411, ao seu paso pola parroquia de Parderrubias, que suporía a mellora da seguridade viaria entre o casco urbano e o IES Pedras Rubias, nunha zona actualmente moi perigosa para o tráfico peonil. A iniciativa foi aprobada pola Administración Autonómica o 7 de marzo de 2016 dentro do Plan de Sendas de Galicia para o fomento da mobilidade sostible. 8 das 9 sendas aprobadas entón foron executadas, quedando tan só pendente a de Salceda.

En marzo de 2018 Concello e AXI mantiveron unha xuntanza na que por parte de Francisco Menéndez se estableceu a data probable de execución do proxecto no segundo semestre de 2018. O mesmo Francisco Menéndez en abril do 2019, nun escrito enviado ao Concello, recoñecía que non se levara a cabo o proxectado, e que calculaba que a licitación se levaría a cabo a mediados de 2019. Pero non foi ata setembro dese ano cando se citou ás persoas afectadas para xestionar as expropiacións precisas, asinándose tamén as actas de ocupación por parte da alcaldesa, Loli Castiñeira, os días 17 e 18 dese mes na Casa



do Concello.

O 29 de novembro do 2019, a AXI recibiu á xunta directiva da asociación de veciños/as de Parderrubias para falar diversos temas relacionados coa senda, negando a posibilidade de que asistise tamén a alcaldesa a esa mesma xuntanza tal e como se tiña solicitado dende o Concello.

Tamén a dirección do IES Pedras Rubias ten amosado a súa preocupación pola falta de seguridade no vial, polo que transita parte do seu alumnado, conscientes de que este proxecto sería unha boa solución ao problema.

A día de hoxe o proxecto segue sen licitarse, e nada se sabe dos posibles avances, nin consta ningún tipo de comunicación ao Concello sobre o mesmo.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de

Salceda, lembrou que a de Salceda é a única sen executar das nove sendas aprobadas, sen que ata o de agora se comunicase cal é o motivo da demora. "Urxe que a Xunta cometa este proxecto que solucionaría un problema grave de seguridade na PO-411. As administración temos a obriga de seguir a fomentar os proxectos de mobilidade sustentable no camiño de conseguir os obxectivos da axenda 2030, e este tipo de iniciativas estanse a levar a cabo en multitude de Concellos, polo que non podemos permitir que se perdan os fondos que Europa designou para estes proxectos. Agora que a Xunta conta xa co novo executivo, agardamos ter boas novas canto antes e que a senda peonil e ciclista de Parderrubias poida ser unha realidade.

## Salceda licita o SAF por 2.895.894,26 €



O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Salceda ven de aprobar por unanimidade o proceso de licitación do servizo de axuda no fogar (SAF) para os vindeiros 4 anos, por un importe de 2.895.894,26 €

O proceso de licitación do SAF é o de importe máis elevado no que vai de legislatura, supoñendo máis dun 15% do orzamento municipal, e convócase pola caducidade do anterior contrato, que nos últimos anos se ven prestando pola empresa SOCISER.

O Concello de Salceda pasará dun custe de 14,30 € por hora a un prezo de 18,71 €, nun importante esforzo económico dirixido a un dos colectivos máis vulnerables, o das persoas maiores, que neste momento de pandemia toca protexer máis que nunca.

A Alcaldesa, Loli Castiñeira, lembrou no Pleno que a Xunta mantén a súa aportación en 9,70 €/hora, moi lonxe dos 18,71 € do prezo de licitación, obrigando ao Concello e ás persoas usuarias a facer un maior esforzo económico para a prestación do servizo. Criticou tamén a alcaldesa que a

Xunta de Galicia concede novas horas sen previo aviso aos Concellos, esquecendo que estes deben contar con consignación orzamentaria que permita ofrecer o servizo, o que obriga en moitas ocasións a ter que rexeitar esas horas tan necesarias.

Gela Ledo, Concelleira de Benestar, agradeceu o traballo realizado polo departamento de servizos sociais na elaboración deste expediente que se demorou por mor da pandemia. "Trátase dun servizo fundamental que axuda ás nosas persoas maiores, e deste xeito darémolles unha maior estabilidade tanto a elas como ás traballadoras que realizan este servizo".

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: "temos que protexer ás nosas persoas maiores agora máis que nunca, e somos conscientes de que o SAF é un servizo de vital importancia para que poidan seguir a facer vida normal nos seus domicilios, ofrecendo deste xeito un servizo fundamental tamén para as familias, quen en moitas ocasións non teñen medios para unha correcta atención a estas persoas".

## Éxitos no programa de inserción laboral en Salceda de Caselas

D e acordo á alcaldesa de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira, e a concelleira de Formación e de Emprego, Verónica Tourón, o Programa Integrado de Emprego (PIE) que impulsa ese Concello desde outubro de 2019 permitiu a inserción laboral do 72% das persoas participantes, un resultado "moi positivo" tomando en conta a actual crise sanitaria.

Este PIE foi recentemente prorrogado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e atende a unhas 100 per-

soas desempregadas a través de diferentes iniciativas segundo os seus perfís. Ademais do 72% dos participantes que accederon ao mercado laboral durante este período, comprese sinalar que un 32% segue a traballar e un 55% teñen actualmente contrato laboral.

A formación é igualmente un pilar importante deste programa. Dende xaneiro de 2020 impartíronse un total de 5.699 horas de formación, tanto telemático como presencial. Na actualidade estase a impartir formación de almacén, limpeza, administración e permiso

de conducir B. Un grupo de participantes comezará a realizar prácticas en empresas en decembro de 2020, toda vez un 90% do anterior grupo de aspirantes xa foron contratados por esas empresas.

A alcaldesa Loli Castiñeira destacou o labor do persoal técnico do Centro de Desenvolvemento Local para impulsar este programa, toda vez a concelleira Verónica Tourón informou da intensificación deste PIE a través de novas iniciativas para o 2021, unha vez se logren superar os embates da COVID 19.

**Seguimos ofrecéndolles información interesante na nosa WEB**

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

## Unanimidade en Salceda para pedir unha segunda Galiña Azul

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas aprobou onte por unanimidade a solicitude de construción dunha segunda escola infantil de 0 a 3 anos no municipio, nos terreos que o Concello posúe ao lado do novo centro de saúde, na rúa Mártires de Sobredo.

A propia alcaldesa defendeu a moción, na que se recollía que Salceda de Caselas ten a sorte de ser unha das vilas con maior índice de natalidade de toda Galicia, polo que as diferentes administracións deben unir esforzos en ofrecer servizos de calidade para os nenos e nenas. As prazas da única escola infantil de Salceda resultan a todas luces insuficientes tal como demostran os datos, con 76 nenos/as en lista de agarda no 2018, 52 no 2019 e 34 no 2020, cun claro descenso de solicitudes neste ano por mor da COVID19.

Actualmente a Xunta de Galicia está a diminuír as cifras das listas de agarda sufragando os gastos en escolas infantís privadas, cando a aposta debería ser a de construír novas escolas públicas, por exemplo no noso Concello.

O 6 de agosto de 2018 representantes municipais mantiveron unha xuntanza co Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, para trasladarlle a necesidade dunha segunda escola infantil en Salceda de Caselas. O Xerente do Consorcio amosouse de acordo coa necesidade dunha segunda escola infantil, comprometéndose a traballar no proxecto dende o equipo técnico municipal.

O 10 de agosto de 2018 o Concello de Salceda enviou anteprojecto de Escola Infantil a realizar na parcela situada na Rúa



Mártires de Sobredo de Salceda de Caselas, para o seu estudo e aprobación por parte de dito Consorcio. Dita parcela está cualificada xa como parcela de equipamentos EQ02 dentro do PERI UE-02, polo que se pode dispoñer dela para este uso de xeito inmediato.

O 27 de setembro de 2018 enviouse proxecto básico para a construción dunha nova escola infantil en Salceda de Caselas, solicitando tamén a emisión do correspondente informe sectorial.

O pasado 28 de setembro, a Alcaldesa, a Concelleira de Benestar e a ANPA da Galiña Azul mantiveron unha xuntanza na que ambas partes coincidiron na necesidade dunha segunda escola infantil pública en Salceda de Caselas.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda, manifestou que a día de hoxe o Concello non ten noticias de que se estea a xestionar a construción da segunda escola infantil: "apelamos á rigorosidade da Xunta e o Consorcio, coñecedores da necesidade de dotacións para a poboación infantil nun Concello coma o noso, na que nacen unha media de 100 nenos e nenas cada ano, e no que levamos moitos anos con listas de agarda na única escola infantil da que dispoñemos actualmente. O Concello puxo todo da súa parte, coa disposición de terreos e a redacción do proxecto básico, e agora tócalle á administración autonómica cumprir coa veciñanza de Salceda".

## Salceda premiada no certame "Vilas en Flor"



O Concello de Salceda de Caselas ven de recibir a distinción que outorga o certame "Vilas en flor", que reconece en forma de galardóns a traxectoria e as accións levadas a cabo polos municipios galegos na mellora e potenciación dos espazos verdes urbanos, a súa xestión sostible, a educación medioambiental e a concienciación cidadá no coidado do entorno. Nesta primeira participación o Concello de Salceda recibiu dúas flores de honra, o que ven a avalar o traballo que se está a facer dende o Concello nos últimos anos, recoñecendo deste xeito as actuacións reais, conscientes e a longo prazo en materia de axardinamento, coidado do medio, e mellora da calidade de vida da veciñanza.

O pasado mes de outubro a Alcaldesa, Loli Castiñeira, e a Concelleira de Turismo, Lucía Pereira, acompañaron polo municipio ao xurado do certame, composto por persoas profesionais de recoñecido prestixio dos sectores do viveirismo, a xardinería e o paisaxismo, o turismo, a cultura e outros ámbitos relacionados con este programa en Galicia. O xurado recoñeceu o traballo

realizado en aspectos como humanizacións de rúas, dotación de mobiliario urbano con elementos naturais ou creación de sendas fluviais e outros espazos verdes. Así mesmo, tamén puntuaron a creación de zonas de aparcadoiro disuasorias, fundamentais para obter un casco urbano ordenado.

Salceda conta nestes momentos con 8 km de sendas fluviais e uns 90.000 metros cadrados de espazos verdes novos ou recuperados, e de zonas humanizadas, o que se traduce en 8 metros cadrados de zona verde por habitante, dato que foi valorado moi positivamente por parte do xurado. Para obter estes resultados, o Concello destina en torno a 100.000 € anuais para empresas externas, aos que hai que sumarlle todo o traballo realizado polo persoal propio.

A Alcaldesa agradeceu o traballo das corporacións que a precederon e do persoal de vías e obras, desbroces, recollida de lixo, limpeza de rúas, etc, así como as tarefas de mantemento de parques e xardíns que realiza ACEESCA nunha proposta de integración laboral de persoas con discapacidade.

**o remendón**  
**CERRAJERO**

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplimax

Rosalía de castro, 61  
Salvaterra de Miño

637 764 865  
www.cerrajeroremendon.com

**O noso EIDO**

taberna

Especialidades en Angulas e Lampreias, Poxas do Río, Coccos a Frío, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968  
Telf: 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

**milfollas**

LIBRERÍA · PRENSA · PAPELERÍA

Carballos, 10 · PONTEAREAS  
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 · SALVATERRA  
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

## ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

## Ánxela Fernández Callís, alcaldesa do Rosal

**"O Rosal é historicamente un territorio de emprendemento"**

**O** Rosal, un dos Concellos pertencentes á comarca do Baixo Miño, é coñecido pola súa produción vitivinícola e o seu entorno de patrimonio histórico e natural, así como un

paso importante dentro do Camiño Portugués da Costa. A súa alcaldesa, Ánxela Fernández Callís, recibíunos na Corporación Municipal para falar co noso xornal sobre a actualidade do municipio.

**1. As medidas de prevención da COVID 19 realizadas pola Xunta de Galicia determinaron o súbito aprazamento das actividades do outono cultural no Concello do Rosal. Cal é a situación sobre os contaxios no municipio?**

Estamos nunha situación baixa e normalizada, xa que a Xunta considera con menos de sete (7) casos de contaxios no municipio. Sobre a axenda cultural de outono, despois de saír o Decreto da Xunta (9 de outubro), decidimos por precaución pospoñer debido a que non sabíamos cal ía ser a incidencia dese decreto.

Tras varias consultas xurídicas e coa dirección de Sanidade Pública, témonos que remitir ao decreto do pasado 20 de xuño, que establece os aforos de 75% en tódolos ámbitos e espazos públicos con menos de 300 persoas. Determinamos que o acaído era non pospoñer mais a axenda cultural senón retomar a actividade cumprindo con tódalas medidas sanitarias. A precaución e a saúde pública son o primeiro.

**2. Recentemente, a AECT Río Miño, á que pertence o Concello do Rosal, pediu fondos especiais para combater a COVID 19 dentro da contorna transfronteiriza. Como afectou no Rosal o período de peche da fronteira con Portugal?**

Durante o confinamento produciuse unha situación de clara discriminación e incompreensión, que ven derivada da xestións de dous gobernos que xestionan coa mirada posta dende Madrid e Lisboa, cando daquelas as medidas estaban centralizadas.

A cuestión é que nós tiñamos moita xente dunha beira e da outra, e mais alá das relacións persoais e comerciais, había relacións laborais. Entón dábase o paradoxo de que persoas que tiñan que ir a traballar de cotío a

outra beira do río Miño, pois pasaban a facer mais do dobre dos quilómetros diarios que viñan facendo habitualmente. Co prexuízo ademais de que os salarios, moitas veces, non son moi elevados neste tipo de empresas. E ao final iso supuña reverter sobre os veciños e veciñas o custe derivado dunha decisión política. Por iso, solicitouse dende a AECT que exista unha tarxeta transfronteiriza que habilite a estas persoas a cruzar, así como financiamento concreto para a nosa área que se viu afectada nese sentido.

**3. Esta decisión foi aceptada por consenso por parte de todos os Concellos que forman parte da AECT?**

Si. Aquí houbo unha total unanimidade. Temos unha relación completamente integrada nos concellos de ambas beiras do Miño.

**4. Recentemente, reuniuse en Santiago de Compostela coa xerente de Solo Empresarial do Atlántico (SELA), Beatriz Sestayo, para analizar as posibilidades de desenvolvemento industrial no municipio. Qué expectativas ten o Concello neste sentido?**

Comezamos a traballar nesta cuestión desde o 2002, cos comezos do nomeado polígono industrial que está situado entre O Rosal e A Guarda. Pero dende entón quedou totalmente paralizado. Para nós é unha cuestión prioritaria para o desenvolvemento da nosa área, xa non só do Rosal senón do Baixo Miño, e tamén unha aposta polo desenvolvemento industrial de calidade, que nos caracteriza como emprendedores. O Rosal é un territorio claro de emprendemento, xa de carácter histórico e que hoxe segue vivo. Tamén buscamos evitar algo tan recorrente como o despoboamento do ámbito rural.

Despois de ter unha xuntanza

co Director Xeral de Vivenda e Solo, porque inicialmente todo apuntaba a que ese polígono era da Xunta, tras revisarse toda a documentación, descubriron que fora mercado pola SELA, que ten unha participación do 84% do Ministerio do Fomento e o 1% pola banca e o restante pola Xunta de Galicia. A Xunta ao parecer xa amosou que, no caso de que haxa unha vontade de que o Estado desenvolva este ámbito, eles apoiarían esa decisión. Por parte de Beatriz Sestayo, tamén amosou a súa disposición neste sentido.

**5. Como iniciativas aprobadas polo Concello neste 2020, destacan o seu primeiro Plan Estratégico de Subvencións e a posta en marcha do Consello Municipal de Desenvolvemento Local. Podería comentarnos sobre ámbalas dúas iniciativas?**

Nós damoslle moita importancia á participación veciñal. Polo tanto, o Plan Estratégico de Subvencións é un documento esencial para poder acreditar o motivo das subvencións e tamén elaborar unha estratexia de cara a conseguir obxectivos futuros. Por exemplo, vimos que a agrupación musical, que é unha das entidades que está nese Plan Estratégico de Subvencións, fixo actividades por barrios e tendo moi bos resultados. Isto é igualmente trasladable ao ámbito deportivo, onde tamén temos escolas deportivas no ciclismo, no balonmán, no fútbol. Temos un equipo de balonmán que está na Segunda División, a División de Prata.

Co respecto ao Consello de Desenvolvemento Local, nós temos a idea de crear Consellos nos diferentes estamentos como educación, cultura. E comezamos polo Consello de Desenvolvemento Social. O que pretenden



os Consellos é xerar un entorno de creación de ideas, de compartir experiencias. Este Consello é como un viveiro de ideas. Participaron nel unhas 21 persoas con perfís diversos e que están vinculadas ao Concello. Tamén contamos coa asesoría de Xabier Pérez Davila, un economista xubilado que foi profesor no Rosal, e de Xabier Martínez Covas, profesor e investigador vinculado á Universidade de Vigo, para poder seguir unha liña de desenvolvemento no curto, mediano e longo prazo.

**6. O Rosal tamén forma parte da campaña "Parte de ti" de apoio ao mundo rural. Pode comentarnos que iniciativas impulsa o Concello dentro desta campaña?**

Este é unha iniciativa que ven derivada do proxecto "EU Rural" que está vinculado ao Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR). Decidiuse facer unha campaña de promoción, "O Rural parte de Ti", do que é o ámbito rural e tamén do produto local. A nosa implicación é máxima. Estamos once ou doce Concellos implicados, os que estamos no GDR, e por iso faise campaña

dende o Mirador do Rosal no ámbito vitivinícola pero tamén do Pan de Porriño e distintas iniciativas que son o exemplo do que é posible na vida do rural en condicións.

**7. Podería comentarnos sobre a licitación das obras da Praza de Abastos e o proxecto de transformación da Praza do Calvario do Rosal?**

A finais de novembro imos comezar coa execución da primeira fase da remodelación da Praza de Abastos do Mercado Municipal, un lugar emblemático pola súa edificación. Nesta fase vaise a licitar un posto mais. Despois haberá unha segunda fase, que agardamos facer o ano que vén, que supón a ampliación do que é o Mercado, implementando servizos novos como poden ser comida para levar, ou outro tipo de servizos complementarios para o funcionamento da propia Praza.

Co respecto á Praza do Calvario, estamos no proceso de redacción do proxecto. Houbo unha empresa que levou á adxudicación tras un concurso público de licitación. Isto é fundamental porque no entorno do Calvario están todos os servizos. Realizaremos nos pró-



ximos meses un exercicio de participación veciñal e tamén coa Deputación de Pontevedra, cuxa implicación é total apostando por unha mobilidade sostible do ámbito rural.

**8. O 2021 é Ano Santo Xacobeo e O Rosal é paso importante do Camiño Portugués pola Costa, un factor que pode revitalizar o seu patrimonio histórico e o tecido económico e turístico local. Qué iniciativas está plan- texando o goberno municipal neste sentido?**

Eu penso que dentro do gran paradoxo que estamos a vivir da COVID 19, o ámbito rural parte cunha clara vantaxe. Somos un entorno natural e a natureza nestes momentos é un valor engadido moi importante. De feito, nós témolo vivido este verán en lugares como os Muíños do Folón e do Picón e incluso a propia costa, que foron visitados.

Na zona do Camiño de Santiago, estamos agora a rematar un proxecto, a Esplanada do Horizonte, que é da arquitecta paisaxista rosaleira María Fandiño Iglesias e recibiu un premio internacional de arquitectura en Italia, o Simoneta Bastielli. Este premio reconece a remodelación dun espazo que denominamos a Esplanada do Horizonte, que está no propio Camiño de Santiago e que xoga con elementos paisaxistas dende a natureza coas diferentes bancadas, e que reconverteu totalmente aquela zona.

Co cal, isto converteuse tamén non só nunha valorización do entorno para a propia veciñanza senón tamén nun punto mais para o desenvolvemento do propio Camiño de Santiago, que estamos seguros que vai ter unha importante repercusión e visita.

## A “Explanada do Horizonte” do Rosal, xa dispoñible para desfrute da veciñanza

A ‘Explanada do Horizonte’ xa está lista para o uso e desfrute da veciñanza. O Concello do Rosal xa recepciónou a obra finalizada dun proxecto de reforma integral e mellora paisaxística que permitiu dotar a Portecelo dunha nova área de espaxamento e acondicionar o tramo do Camiño de Santiago pola costa que pasa ao longo do municipio. Esta zona consta agora dunha área de descanso, dun merendeiro, dun miradoiro e dun aparcamento. O acto de inauguración oficial desta nova zona de lecer deseñada pola arquitecta rosaleira María Fandiño celebrábase en vindeiras datas.

Neste tramo do Camiño de Santiago non existían paradas

para peregrinos, polo que a ‘Explanada do Horizonte’, chea de escombros dende os anos 70, converterase dende agora nun punto neurálxico ao situarse á metade da ruta ao seu paso polo Rosal. A través deste proxecto creouse un miradoiro ao mar e á Serra da Groba e mellorouse a calidade ambiental da zona, repoboándoa con especies autóctonas, eliminando o recheo e creando novas terrazas de pedra que servirán para novos usos.

A ‘Explanada do Horizonte’ será unha ferramenta coa que potenciar tamén o Camiño de Santiago, xa que nela márcanse os puntos de parada onde o valor paisaxístico é maior, potenciando



a repoboación de arborado e sinalizando elementos culturais situados na contorna, como o petróglifo Laxe do Lapón.

**Premios Gran de Area 2020**

O proxecto de acondicionamento dos espazos públicos da ‘Explanada do Horizonte’ vén de ser distinguido cun dos Premios

Gran de Area 2020 de Aportación á Arquitectura, unha aposta do Colexio de Arquitectos de Galicia para o recoñecemento do traballo de arquitectos, promotores, apareladores e construtores nas obras e proxectos de calidade desenvolvidos nas demarcacións de Vigo, Ourense e Pontevedra.

## O Rosal agradece a colaboración e compromiso amosados pola Delegada Territorial da Xunta

Alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández Callís, e membros do goberno local mantiveron a primeira visita institucional coa Delegada Territorial da Xunta en Pontevedra, Luisa Piñeiro, na que se expuxeron as peticións e demandas da veciñanza con respecto ao executivo autonómico. Luisa Piñeiro garantiu a colaboración da Xunta co concello rosaleiro e comprometeuse a realizar de inmediato as primeiras xestións sobre os temas máis urxentes e a manter

un contacto periódico co Concello do Rosal.

Durante a reunión, o goberno local trasladou á Delegada Territorial as solicitudes de investimentos e actuacións relacionadas co eido sanitario, con infraestruturas e seguridade vial, con dependencia e servizos sociais e co transporte de viaxeiros.

Así, analizouse a posibilidade de acometer unha senda peonil e a mellora da estrada PO-353, xa que no seu día fíxose o primeiro treito e quedan por aco-



meter outros dous na contorna de Novás e Fornelos. Tamén se avaliou a posibilidade de incrementar os fondos para dependencia, aínda que esa cuestión depende da transferencia de re-

curso do Goberno Central, e o reforzo das frecuencias de bus en quenda de mañá para a conexión coa bisbarra polas localidades da Guarda e Tomiño e tamén con Vigo por cuestións hospitalarias.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezaspontareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Pontareas

Talleres  
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24  
36459 SALVATIERRA  
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



## ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

## Abdellah el Aziri, voceiro do Centro Cultural Islámico de Vigo

## "Os nosos obxectivos son normalizar a convivencia e fomentar a integración"

O Centro Cultural Islámico de Vigo abriu a súa nova sede na cidade olívica na rúa Alcalde Gregorio Espino, 47, baixo. O seu voceiro, Abdellah el Aziri, recibiu á Peneira-Novas do Eixo Atlántico para comentarnos sobre as actividades que realiza este centro social, relixioso e cultural.

**1. O Centro Cultural Islámico de Vigo inaugura a súa nova sede. Cales son os obxectivos desta entidade?**

Os nosos obxectivos principais, e isto queremos salientalo en maiúsculas, é a normalización da convivencia e fomentar a integración. Servir coma ponte de

**2. Que actividades realízanse neste centro?**

diálogo entre as nosas culturas. As nosas principais actividades son relixiosas, sociais, educativas e culturais. A oración na nosa mesquita, especialmente o sermón dos venres, as actividades caritativas, as clases de árabe para españois e de reforzo dentro do sistema educativo en francés, inglés, matemáticas, física, castelán e galego. Tamén facemos conferencias e teatro, actividades extra escolares e para fomentar a convivencia e a integra-

ción, cursos de gastronomía magrebí e oriental. Contamos igualmente cunha biblioteca, accesible para todos aqueles interesados, e que serve ademais para dar a coñecer a nosa relixión e civilización islámicas. Hai que tomar en conta que temos unha prolongada presenza en Vigo, xa que a nosa mesquita leva 30 anos nesta cidade.

**3. A cantas persoas ascende a comunidade musulmá en Vigo?**

En Vigo somos 3.000 persoas. En Galicia, unhas 30.000 persoas.

**4. Cantas nacionalidades están incluídas nesta comunidade musulmá?**

Temos persoas de Senegal, Marrocos, Líbano, Siria, Irán, Afga-



nistán, Ghana, Exipto. Unha gran variedade de nacionalidades que reafirma o carácter multicultural do Islam.

**5. Como ten sido a receptividade por parte da sociedade viguesa e do seu tecido asociativo e institucional?**

A verdade, non temos ningunha queixa. Temos un gran agradecemento para a cidadanía viguesa e galega en xeral pola súa acollida.

**6. Nestes tempos da COVID 19, como está acometendo este**

**centro os protocolos sanitarios derivados da pandemia?**

Estivemos pechados durante os meses de confinamento. Unha vez o Ministerio de Sanidade e a Comisión Islámica de España permitiron a reapertura, limitamos o aforo ao 50%, toda vez aplicamos os respectivos protocolos sanitarios: xel, uso de mascarillas, a medición da temperatura, etc. Igualmente, cada orador que ven á mesquita ten que traer a súa propia alfombra.



**REQUIRES PERSOAL PARA A TÚA EMPRESA?**

**NON O DUBIDES, PONTE EN CONTACTO CONNOSCO! TEMOS O PERSOAL CUALIFICADO QUE NECESITAS.**

**25 AÑOS AEMOS**

## Homenaxe poética a Victoriano Taibo

Hai doce anos que a Entidade Menor de Morgadães iniciou co IEM o Certame de Poesía Victoriano Taibo; e hai catro que este premio forma parte das actividades culturais do Concello de Gondomar en colaboración co Instituto de Estudos Miñoráns. Foi unha decisión dolorosa dos responsables destas institucións suprimir a convocatoria do Premio Victoriano Taibo neste ano de pandemia 2020.

O grupo de traballo PUGA (Promoción do Uso do Galego), integrado no IEM, que hai dous anos celebrou a Semana Poética Victoriano Taibo enchendo de poemas os balcóns de Gondomar, non quixo que unha das figuras máis relevantes do Val de Miñor quedase silenciado este ano. Taibo, a máis de ser o mestre de Morgadães durante vinte anos (1930-50), foi fundador das Irmandades da Fala e Académico da Lingua Galega. Nas súas reflexións deixou-nos esta encomenda: "A misión do literato galego é devolver ó seu país a súa propia fala, todo o arrequeada que se queira, con todos os neoloxismos e tecnicismos que a ela lle conveñan; pero limpa e escoreita, axeitada para as xurdias angueiras do sentimento e do intelecto". Este é un dos obxectivos do grupo PUGA que nos leva a organizar o programa Novembro con Taibo que hoxe presentamos.

Catorce foron as obras premiadas nos doce anos do Certame de Poesías Victoriano Taibo, se-

leccionadas entre centos de concursantes. A calidade dos catorce libros editados polo IEM, obríganos a editar este ano unha serie de vídeos poéticos que fundan, cos novos medios de comunicación, unhas mostras da literatura que pedía Taibo para a nosa lingua, expresión de sentimentos e pensamentos propios.

Estamos en contacto con moitas persoas afectadas pola complexa situación actual. Pasará a pandemia e o noso futuro seguirá dependendo de nós e do patrimonio que fomos capaces de conservar vivo. Boa parte dese patrimonio é a nosa lingua galega cultivada por todos os falantes e de xeito singular polo colectivo de poetas que hoxe nos acompañan para esta homenaxe a Victoriano Taibo.

Desde o San Martiño ata o Santo André celebraremos este Novembro con Taibo como unha oportunidade de ir dándolle corpo



interior a este Val de Miñor que queremos cada día máis artellado como unha célula de universalidade como nos aprendeu Victoriano Taibo e os mestres xa centenarios da Xeración Nós.

Novembro con Taibo arrancará coa presentación deste evento e a partir do 11 de novembro, cos recitais diarios dos catorce poetas premiados ao longo destes anos no Victoriano Taibo.

Mércores, 11/11/20 **Carlos Negro** (2008)  
 Xoves, 12/11/20 **Carmen Caramés** (2009)  
 Venres, 13/11/20 **Elvira Riveiro** (2009)  
 Luns, 16/11/20 **Silvia Penas** (2009)  
 Martes, 17/11/20 **María Goretti Fariña** (2010)  
 Mércores, 18/11/20 **Calros Solla Varela** (2011)  
 Xoves, 19/11/20 **María Concepción Álvarez Lebrede** (2012)  
 Venres, 20/11/20 **Ramón Sandoval Pérez** (2013)  
 Luns, 23/11/20 **Lara Rozados Lorenzo** (2014)  
 Martes 24/11/20 **Iñaki Varela Pérez** (2015)  
 Mércores, 25/11/20 **Xosé Iglesias Lamela** (2016)  
 Xoves, 26/11/20 **Rafa Vilar** (2017)  
 Venres, 27/11/20 **Laura Ramos Cuba** (2018)  
 Luns, 30/11/20 **Fran Davila** (2019)

## O BNG Baiona esixe melloras no SERGAS

A deputada (BNG) no Parlamento galego, Carmela González, e o voceiro municipal en Baiona, Iago Pereira, analizaron no Centro de Saúde desta localidade pontevedresa a situación sanitaria ante a COVID 19, demandando a reactivación do sistema sanitario galego "tras once anos de recortes do PP".

Pereira afirmou que "diante da pandemia, a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente

a asistencia presencial, restrinxir consultas e probas diagnósticas", criticando que a aposta pola atención telefónica ocasiona "dificultades e deficiencias para a veciñanza".

A deputada González pediu "modificar o Decreto que regula as áreas e os Distritos Sanitarios" para crear unha "estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos". Toda vez,

demandou "aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros".

González tamén criticou que o funcionamento do SERGAS vese prexudicado por estes recortes que provocan escaseza de profesionais sanitarios, esgotamento físico e mental dos xa existentes, saturación de servizos e listas de espera interminables, incluso para consultas telefónicas.

## O Rosal recibe fondos europeos para a compostaxe *in situ*



O Concello do Rosal accedeu a unha subvención de case 48.000 euros para poñer en marcha un programa de prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos destinadas ao fomento da compostaxe *in situ*.

Segundo informou a concelleira de Medio Ambiente, Sara Vicente, esta subvención foi posta en marcha pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O Rosal acadou, xunto á Deputación de Ourense, a mellor puntuación na memoria do proxecto entre todos presentados á liña de subvencións e desenvolverase ao longo dos anos 2020 e 2021.

Este concello ten unha porcentaxe de recollida selectiva do 33,2%, por riba da media estatal

e autonómica pero lonxe dos obxectivos europeos. Para alcanzar estes obxectivos, porá en marcha un sistema de préstamo de 6 biotritadoras eléctricas para que os veciños do Rosal poidan desfacerse dos seus propios restos vexetais que xeran un gran impacto ambiental.

Por outra banda, crearanse dous novos centros de compostaxe comunitaria (CCC) para ampliar a cobertura das edificacións verticais dos barrios do Calvario, Couso e unha pequena parte do Casal e A Lomba. Estes centros permitirán atender a unhas 600 persoas e xestionar unhas 60 toneladas de materia orgánica ao ano.

O proxecto tamén inclúe accións para potenciar a compostaxe individual para vivendas que dispoñan de espazo suficiente. O obxectivo é alcanzar os 500 composteiros. Na actualidade, O Rosal conta con 408 composteiros con capacidade para tratar unhas 147 toneladas ao ano.

## Tomiño bonificará o 50% dos impostos aos coches eléctricos e híbridos

Por unanimidade e a través dun pleno extraordinario, o Concello de Tomiño aprobou o establecemento dunha bonificación do 50% para os vehículos que sexan máis respectuosos co medio ambiente.

Esta decisión supón "un paso máis no cumprimento do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostibles (PACES)", segundo sinalidou a alcaldesa Sandra González.

Así, se beneficiarán coa bonificación do 50% do imposto durante tempo indefinido aqueles vehículos

de "cero emisións", eléctricos de batería (BEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV). Os vehículos non enchufables (HEV) ou vehículos propulsados por gas natural e gas (GNC e GNL) ou gas licuado do petróleo (GLP), obterán un 50% de bonificación durante os 5 anos naturais posteriores ao de primeira matriculación. Está igualmente contemplada unha bonificación do 100% para aqueles vehículos históricos de antigüidade mínima de 25 anos.

## OPINIÓN

Xosé González Martínez. \*Presidente do Foro E. Peinador.

## Autonomismo sano y bien entendido

Nos comezos dos anos sesenta o goberno franquista creara o Consello Económico y Social del Noroeste. Tal hiperbólica denominación buscaba non mencionar o nome de Galicia ata que pasados os anos o alcalde de Pontevedra e procurador en Cortes Filgueira Valverde conseguira que se substituíse o punto cardinal polo de Galicia. Eran tempos nos que a ideoloxía do réxime apelaba ao “regionalismo sano y bien entendido”. Hoxe aquel ideoloxema ten continuidade noutro semellante: “el autonomismo debe ser sano y bien entendido”

Se vostede, amable lector ou lectora, busca nas redes sociais información sobre os consellos reguladores das denominacións de orixe sorpréndese porque en todas as páxinas web o castelán aparece por defecto, e logo o galego e outros idiomas como outras opcións. No caso do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas atopará un mapa da súa xurisdición con topónimos preconstitucionais: El Grove, La Toja, Sanxenjo, Las Nieves, Sotomayor, La Lanzada, Salvatierra de Miño, Creciente, El Rosal...

A páxina web constitúe de seu, unha declaración de principios do autonomismo sano e ben entendido dos que dirixen o devandito ente vitivinícola. E fanno ademais con subvencións das consellerías de Eco-

nomía, Emprego e Industria e do Medio Rural da Xunta de Galicia. Que se lle cedan a este consello regulador 800.000 euros anuais de subvención para publicidade destinada deturpar o patrimonio cultural do país e non fomentar o uso da lingua galega é unha desviación grave que o Goberno galego debe corrixir decontado na próxima convocatoria pública de tales subvencións, incluíndo no texto unha referencia explícita á utilización do noso idioma e uso dos topónimos segundo o establecido polo decretos que os oficializaron.

Ben deitamos da inmensa maioría das cento e pico adegas da denominación de orixe Rías Baixas que son respetuosas coas toponímias e denominan as súas marcas con nomes ben galegos alusivos á paisaxe e todo o que ela abranxe.

A Denominación de orixe Rías Baixas está representada por 5.265 viticultores que traballan 4.100 hectáreas aproximadamente, sendo a comarca do Salnés o epicentro desta economía vinícola, seguida por orde de superficie traballada polas do Condado, O Rosal, Ribeira do Ulla e Soutomaior.

Todas elas aglutinan a cento e pico de adegas que envasan un total aproximado de 40 millóns de botellas dedicando á exportación un 45% das mesmas.

O prestixio acadado polo viño albariño

débeselle, entre outros valores, a escritores como Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, Xosé María Castroviejo e Plácido Castro que hai ben décadas botaran a andar a Feira do Albariño. Todos eles foron os auténticos creadores dunha marca país que asocia a calidade co uso da lingua galega. Foise creando así, co paso dos anos, un enxamio de adegas que envasan os seus viños con nomes que non todos os consumidores saben interpretar. Pero esa non é razón para renunciar ao uso que definen ferramentas de traballo, eidos nos que se cultivan as vides, accidentes xeográficos, etc... que son de uso común dos viticultores. O importante é a calidade. A lingua é unha certificación da garantía da orixe.

Galicia ten ao pé de catrocentas/catrocentas vinte adegas con tres ou catro marcas con cadansúa denominación específica. O Foro Peinador, nomeadamente a Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adequeiros, traballan na promoción do uso da lingua galega na etiquetaxe, existindo na actualidade no mercado máis de catrocentas marcas comprometidas co noso idioma derrubando os falsos mitos que aínda aniñan en moitos adequeiros que consideran que a lingua é unha eiva para colocaren os seus produtos nos mercados alén das nosas fronteiras. Non foi doado, pero conseguíuse artellar unha pedagogía que escorrentase tales prexuízos. Chama a atención que haxa xente enroscada nese argumento cando nos nosos restaurantes, cafeterías e centros de distribución están á venda produtos cualificados como delicatessen, whiskys, champañas, vodkas, bi-

ters... etiquetados nas súas linguas respectivas.

A vide e os seus derivados non só constitúen unha actividade económica senón tamén un sinal de identidade cultural que abranxe eidos tan diversos como a paisaxe, gastronomía, literatura, o folclóre ou a vida social. A terra é o substrato, non só necesario senón fundamental, para que un viño teña nome, é o seu verdadeiro sinal de identidade.

É inadmisíbel que nun país no que a maioría dos viticultores teñen como lingua propia o galego, o Consello Regulador das Rías Baixas teña recuado no seu uso nos últimos quince anos. Fano así porque saben que canto máis forte é a personalidade dun pobo, máis intenta desenrolalo seu idioma e canto máis débil é, máis intenta agochalo. Por esa razón, que non é inocente, actúan a mantenta da maneira que denunciámos.

Cómpre que a política de subvencións da Xunta de Galicia obrigue aos Consellos Reguladores a usar a lingua galega porque tal é o mandato da Lei de Normalización Lingüística. Para conseguir este obxectivo as bases das convocatorias para as subvencións deben especificar como “conditio sine qua non” o respecto ao patrimonio cultural por parte das devanditas entidades, obrigándoas tamén a utilizaren a lingua galega nas contraetiquetas. Os consumidores e consumidoras non rexeitan os produtos por estaren en idiomas que descoñecen, o que buscan é a calidade do produto.



Por Ramón Coira Luaces

## Ocultadores do Reino de Galiza

A verdade non importa, o importante é España”. Esta frase podería ser dun oficial españolista da Garda Civil ou ben dun fiscal, xuíz rancio ou Ministro do Interior español, co gallo dunha das súas montaxes, pero eu voulla atribuír a un prestixioso historiador español, reputado medievalista e ocultador do reino de Galiza nos seus libros de Historia, a pesares da súa abrumadora presenza nas fontes internas e externas: Claudio Sánchez Albornoz. Nos seus manuais de Historia medieval, polos que estudamos na Universidade de Santiago, non se fala do reino de Galiza / Galicia, porén Sánchez Albornoz si era consciente de que existiu e nalgunha nota a pé de páxina faino constar. No entanto na historiografía ofi-

cial que el axudou a construír o reino chamábase “de Asturias ou de León”, non de Galiza como si se fai abrumadoramente nas crónicas e escritos da época. Moit@s d@s licenciad@s, algúns d@s cales chegaron a profesores, non saben da existencia no reino galego ou calan ao respecto. Sánchez Albornoz foi tamén ministro da II República e Presidente do Goberno no exilio, que compartiu con Castelao en Arxentina. O insigne historiador aínda lle reprochou a Castelao as críticas deste a Castela como asoballadora (Claudio naceu en Ávila), pero Castelao reafirmouse no dito.

Se dúbidas das miñas palabras ou queredes máis datos e información acerca da existencia do reino medieval de Galiza, lede o libro de Xerais: “O Reino medieval

de Galicia. Crónica dunha desmemoria” de Xosé Miguel Andrade Cernadas e de Anselmo López Carreira. O libro é moito máis medurado e erudito, por suposto. Eu non teño porque selo. E, como dicía Milán Kundera no Libro do Esquecemento, “para liquidar os pobos comézase a privarlos da súa memoria. Destrúense os seus libros, a súa cultura, a súa historia. E outro escribe outros libros e dalles unha nova cultura, inventa outra historia, despois diso o pobo comeza lentamente a esquecer aquilo que foi e o mundo darredor esquece aínda máis rápido”. Millóns de cidadáns do Estado séntense invadidos de ardor patriótico español, o mesmo que sen dúbida levou a moitos historiadores a facer esas trampulladas de grande repercusión e gravidade para Galiza e para o pobo galego. Porque nos privan da nosa autoestima colectiva e dunha base histórica para recoñecérmolos

e podermos reclamar os nosos dereitos como país. Borrar a historia dun pobo é pretender aniquilado como realidade diferenciada: non coas armas e coa represión como os fascistas, senón coa pruma.

Cando nun documento medieval pon “Regi Gallitie”, “Gallecia”, Galizia” ou se é árabe: “Galisiya” ou “Yilliquiya”, oficialmente, quere dicir reino de Asturias ou de León. Xa o sabedes: así o traducen os historiadores españois que se adican a axudaren a afortalar a idea de Estado-nación. A súa sabiduría consiste en ignorar e manipular o que non convén a tal fin. Pero se Galiza non era o núcleo central e hexemónico do reino, por que o idioma da corte e das cantigas era o galego-portugués?



## Arrancan as obras da Rúa Calvario na Guarda

O pasado día 4 de novembro iniciáronse as obras de mellora da Rúa Calvario entre os números 48 e 73.

No transcurso das obras saíu á luz a vella capa de rodadura de pedra, pedras que se tentarán recuperar para empregalas en parte destas obras de mellora.

Esta actuación contará cunha parte central para a recollida de augas fluviais, substituindo o pavimento existente por outro novo de pedra en continuidade cos tramos xa mellorados en fases anteriores nesta mesma rúa.

Executarase unha nova rede de abastecemento de auga, así coma a incorporación de bocas de incendios e a substitución da



rede de augas pluviais e residuais, dispoñendo as novas acometidas a pozos e eliminando as acometidas que nestes intreos non se poden controlar ou rexistrar.

O prazo de execución das obras é duns 45 días, alternando o

uso da rúa cando sexa posible, polo que se pide a máxima comprensión por parte dos veciños.

Estas obras contan cun orzamento total 121.951,87€ IVE incluído con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

## O BNG insta ao Concello da Guarda a que execute o acordo de bonificacións nas taxas do lixo e da auga para o 2021

O BNG presentou unha serie de medidas ao Pleno do Concello para combater a crise social e económica provocada polo covid-19 que foron aprobadas en maio.

Entre as medidas aprobadas está a bonificación das taxas do lixo e auga para todas aquelas familias cunha renda per cápita inferior ao IPREM (537,48 € mensuais).

Tamén se acordou a redución proporcional aos recibos do lixo



no período de cese de actividade motivada pola pandemia para autónomos e PEMES.

Anxo Baz, portavoz municipal do BNG manifesta "estas bonificacións serán de aplicación no ano 2021 e para eso é preciso modificar antes as ordenanzas do lixo e da auga para que entren en vigor en xaneiro, polo que lembra que corresponde aprobar a modificación das ordenanzas co tempo necesario para poderen ser aplicadas no 2021".

## Baz esixe solucións á falta de seguridade viaria na Pasaxe en Camposancos

O bloque nacionalista galego realizou unha visita á Pasaxe en Camposancos ante a desesperación de veciños e veciñas pola falta de medidas de seguridade viaria na zona.

Na reunión mantida coa veciñanza, o BNG faise eco dunhas demandas que non van máis aló duns mínimos de dignidade e seguridade: unha marquesina, un paso de peóns e medidas para o calmado de tráfico.

Para os nacionalistas, é moi preocupante ver cómo o goberno

local non atende a colocación dun paso de peóns e as necesarias medidas de calmado de tráfico que se solicitan desde hai anos.

"Temos a parada de autobús, a estación marítima, o parque infantil, un clube náutico, o enlace do camiño portugués pola costa, o servizo de ferri, as docas ... todo fronte a casa e non temos por onde cruzar" - comentaba unha das veciñas.

O BNG quere amosar todo o seu apoio ás demandas que a veciñanza reclama ao Concello da

Guarda, demandas, ás que tamén se sumou a presidenta da E.L.M de Camposancos, Merchi Martínez.

Tanto a alcaldesa pedánea, como o portavoz municipal Anxo Baz, comprometéronse ante os veciños da Pasaxe a esixir unha actuación urxente que cubra unhas necesidades máis que constatadas, se atendemos a carga de tráfico e as velocidades que soporta unha estrada que da tamén acceso ás praias, astaleiros, fábricas, naves e almacéns e unha ampla zona residencial.

## O Concello da Guarda organiza o Mercado de Nadal

O Concello da Guarda está a deseñar a campaña de Nadal e, dentro das accións comerciais, este ano se vai a incluír un Mercado de Nadal na Praza de Avelino Vicente.

A finalidade é incentivar o comercio local e crear sinerxias instalando as casetas durante a campaña de Nadal, é dicir, dende o acendido da iluminación de Nadal ata o 5 de xaneiro.

Ao igual que o mercado organizado como peche do verán, a participación no mercado será gratuíta a cambio do compromiso da apertura dos postos durante os días e horario establecido.

O número de postos é reducido polo que se vai establecer

unhas quendas dependendo do número total de interesados. O reparto destas quendas realízase por sorteo entre os profesionais que cumpran os requisitos solicitados.

Os interesados poden consultar as bases de participación e disporán ata o venres 20 de novembro para solicitar a súa participación mediante unha instancia xeral no rexistro municipal tal e como se define nas bases.



## Oia rehabilita o parque infantil de Viladesuso e o campo de fútbol "As Tornas"



O Concello de Oia acometeu diversas obras de acondicionamento, renovación e mellora das instalacións de lecer e práctica deportiva da parroquia de Viladesuso e no campo de fútbol municipal das Tornas, en Santa María de Oia.

A actuación contou cun orzamento total de 44.443,87 euros e foi financiada con cargo ao Plan Concellos 2019 (liña 1, investimentos) da Deputación de

Pontevedra.

A alcaldesa oiense, Cristina Correa, precisou que a mellora das áreas infantís do municipio son unha prioridade para o seu goberno, tal e como se viu anteriormente co parque de Mavia, a ampliación do parque infantil de Mougás e a renovación do parque biosaudable de Torroña. Neste sentido, Correa informou que está na procura de terreos para a construción dun parque en Santa María de Oia.

## PONTEVEDRA

## Estrea da escritora Inma López Silva na Escola de Letras da Deputación e Galaxia

A recoñecida escritora galega Inma López Silva impartirá desde este luns 2 de novembro dous novos cursos da Escola de Letras que a Deputación de Pontevedra puxo en marcha xunto á Editorial Galaxia. Trátase de dous obradoiros literarios, un de iniciación, e outro de perfeccionamento que terán oito sesións cada un deles entre novembro e decembro. As súas prazas están esgotadas e se celebrarán en formato telemático ante a actual situación derivada da pandemia da Covid-19.

Máis polo miúdo, o curso literario de perfeccionamento desenvolveranse os días 2, 9, 16, 23 e 30 de novembro, entre as 19:30 e as 21:30 horas, e o 9, 14 e 21 de decembro no mesmo horario. Pola súa banda, o obradoiro literario de iniciación terá lugar o 3, 10, 17 e 24 de no-

vembro e os días 1, 10, 15 e 22 de decembro.

Inma López Silva (Santiago, 1978) é unha das novas narradoras galegas máis destacadas. En 2016 recibiu o Premio Insua dos Poetas en recoñecemento aos seus 20 anos de traxectoria literaria. Amais de escritora, destaca como crítica e investigadora teatral e é colaboradora habitual en numerosas publicacións. É profesora na Escola Superior de Arte Dramática de Vigo.

A súa novela de debut, "Neve en abril" gañou o Premio Rúa Nova da Biblioteca Nova 33 de Santiago en 1996 e foi editada no 2005 por Galaxia como libro aberto a lectores de todas as idades. Outros traballos publicados son "Rosas, corvos e cancións", "Concubinas" (Premio Xerais 2002) ou "New York, New York" (2007). Con "Memoria de



ciudades sen luz" obtivo o Premio Blanco Amor 2007, o premio AELG á mellor obra de narrativa 2008 e o galardón Arcebispo San Clemente á mellor novela en galego 2008.

## A Deputación redobra o seu compromiso coa igualdade coas axudas a 26 entidades

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra vén de aprobar a concesión das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero. Esta liña de axudas, como lembrou hoxe a presidenta Carmela Silva, ten este ano un orzamento de 108.000 euros e "vai permitir a estas entidades poidan desenvolver múltiples actividades neste eido". As subvencións súmanse ás xa adxudicadas aos concellos da provincia por importe de 230.000 euros para financiar proxectos neste eido, de xeito que a institución provincial destina este ano 340.000 euros "a actividades para favorecer a loita contra as violencias machistas e favorecer a igualdade das mulleres".

As entidades beneficiadas en Vigo son a Fundación Matrix Investigación Desarrollo Sostenible;

a Asociación de Mulleres con Discapacidade Galicia; a Fundación Érguete-Integración; Down Vigo Asociación para o Síndrome de Down; a Asociación Centro Cultural Artístico Recreativo de Valladares; a Asociación de Executivas de Galicia; a Asociación Acción Solidaria Galicia (ASDEGAL); a Asociación Mulleres Pedra da Vella; Asociación Viguera de Alcoholoxía (Asvidal); Radio Ecca Fundación Canaria; a Fundación Juan Soñador; a Asociación de Empresarias de Galicia e a Casa de Andalucía en Vigo.

No caso de Pontevedra, as axudas irán a parar á Asociación Española Contra el Cáncer, a Cáritas Diocesana de Santiago e á Asociación Provincial de Amas de Casa e Consumidores Rías Baixas. mentres que en Vilagarcía a recibirán a Fundación Amigos de Galicia e a Asociación Siéntete Bien. En Lalín, as dúas entidades



beneficiadas son o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas e a Asociación Puntodelas-Secretaría das Mulleres.

Doutra banda, recibirán axudas a Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural Agra (Cambados); a Asociación de Diagnosticados de Cancro de Mama (Cangas); a Asociación Pola Igualdade e a Coeducación (Marín); a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Mos); a Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza (Silleda) e a Asociación de Mulleres en Igualdade de Tui.

## A Deputación de Pontevedra destina 95.000 euros para o fomento do turismo

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou a concesión de 95.000 euros en subvencións, en concorrencia competitiva, que permitirán a asociacións e entidades de 14 Concellos desenvolver actividades de carácter turístico e a profesionalización do sector.

Son un total de 24 as asociacións beneficiadas radicadas en Vigo, Cangas, Cambados, Baiona, Bueu, A Estrada, A Guar-

da, Lalín, Mos, Pontevedra, Redondela, Tui, O Rosal e Santiago. As actividades que desenvolverán inclúen, entre outras propostas, proxectos para a difusión do patrimonio inmaterial da provincia, de turismo náutico, actividades de formación e de enogastronomía e tamén actividades deportivas e culturais para a promoción turística.

## A estación de Areiro catalogará os xardíns da Praza de San Domingos de Tui

A Deputación de Pontevedra colaborará co Concello de Tui para que os xardíns da Praza de San Domingos poidan ser incorporados á Ruta da Camelia. A Estación Fitopatolóxica do Areiro realizará unha catalogación dos 10 árbores existentes na praza e facilitará así o traballo do Concello, que pretende realizar un proxecto de posta en valor, incrementando o número de exemplares, antes da presentación da solicitude.

Desta forma, Tui pasará a formar parte dun percorrido turístico e botánico-patrimonial que é todo un referente da provincia de Pontevedra. O Concello acolleu unha idea que naceu na Asociación Tudense de Amigos da Camelia para tirar o máximo partido

dunha contorna con árbores centenarias. A intención do Goberno local, unha vez catalogadas, é avanzar coa plantación de novos exemplares ata alcanzar o centenar, número que, unido á consideración de xardín histórico, permitiría a adhesión.

A Ruta da Camelia é un recurso turístico de primeira magnitude que aglutina xardíns repartidos por Galicia e nos que poden contemplarse máis de 8.000 variedades desta árbore e a súa flor, moi especialmente na provincia pontevedresa. Na Ruta hai parques, castelos e pazos que acollen espazos singulares, entre eles varios declarados como Xardín de Excelencia Internacional pola Sociedade Internacional da Camelia.

## "Fame de Experiencias" continúa colleitando recoñecementos

Xa son trece os galardóns que "Fame de experiencias", o audiovisual da campaña de turismo 2019 da Deputación, producido pola produtora "Esmerarte", vén de acadar dende a súa estrea en Madrid na Feira de Turismo de Fitur. Neste caso, trátase dun novo recoñecemento internacional, no XI In-

ternational Amorgos Tourism Film Festival, o Festival Internacional de Cinema de Turismo da illa de Amorgos (Grecia), que tivo lugar esta fin de semana. O audiovisual da Deputación obtivo o Premio de Ouro ao mellor Produto Turístico-Turismo Gastronómico, imponéndose ao resto das candidaturas.

## Érguete Baixo Miño difunde os “Programas Educativos e Familiares” gratuítos nos centros educativos

Érguete Baixo Miño retoma o traballo nos centros educativos neste curso escolar presentando unha breve guía cos Programas de Prevención e de Educación para a Saúde que ofrece gratuitamente nas escolas de A Guarda, Tomiño, O Rosal e Oia, adaptándonos á nova situación debido ao COVID-19 favorecendo un entorno seguro.

Estes programas están dirixidos ao alumnado e ás familias que representan o eixe prioritario na educación. De forma lúdica e dinámica abordamos temas sobre as diferentes condutas aditivas, a xestión emocional, a resolución de conflitos, a presión de grupo, a autoestima, o ocio saudable entre outros que podemos adaptar ao contexto de cada aula. Tamén sobre

pautas de actuación eficaces para pais/nais e mestres, traballando de forma específica no reforzo dunha vida saudable e que desenvolverán fóra do centro educativo.

Estas actividades atópanse financiadas pola Consellería de Sanidade –Dirección Xeral de Saúde Pública, Servizo de Prevención de Condutas Aditivas- e polas cotas dos socios/as.

## Denuncian o deterioro da atención sanitaria primaria no Rosal

A Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública do Rosal denunciou a xestión que leva a cabo a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de eliminar a asistencia médica presencial, substituíndoa pola telefónica, o que está a provocar a saturación dun persoal facultativo que xa era insuficiente para a atención pública antes da pandemia.

Así, a plataforma, creada para loitar contra o progresivo dete-

rioro do servizo de atención primaria no Rosal, criticou o peche do Centro de Saúde de San Miguel de Tabagón, que levou á centralización da atención primaria na veciña A Guarda. Denuncia tamén a “falta de información” por parte do SERGAS sobre o número de contaxios do virus.

A plataforma expón unha serie de medidas entre as que destacan esixir á Consellería de Sanidade que reciba a unha representación municipal do Rosal para que ex-

poña as súas necesidades; a creación dunha mesa institucional formada polas alcaldes e alcaldes do Baixo Miño como fronte común para a resolución dos problemas sanitarios da comarca; a dotación ao centro de saúde do Rosal de persoal médico, de enfermería, de administración e de servizos e que se amplíen as liñas telefónicas para a atención pública; e que se habiliten espazos dispoñibles no Concello do Rosal para a atención presencial.

## O deputado do BNG, Manuel Lourenzo, visita Tomiño para interesarse polos problemas na atención primaria

O deputado do BNG no Parlamento de Galicia, Manuel A. Lourenzo Sobral, visitou Tomiño, onde se entrevistou coa alcaldesa Sandra González, a concelleira de Benestar Social, Cristina Martínez Souto, e cunha representación do persoal sanitario do Centro de Saúde de Tomiño, para interesarse de primeira man polas eivas e deficiencias existentes no servizo de Atención Primaria do municipio, conformado por este centro e polo Consultorio Médico de Goián.

Durante a visita tratouse a problemática derivada da non reposición das ausencias do per-



soal sanitario por parte da Consellería de Sanidade, o que leva que durante as mesmas as pacientes sexan desviadas ao resto de colegas do centro, coa conseguinte sobrecarga de traballo, que obriga ao persoal a facer

horas extras que non lles son remuneradas. Do mesmo xeito, o Consultorio de Goián permanece fechado pola falta de cobertura do persoal, tendo que derivar aos usuarios e usuarias do mesmo ao Centro de Saúde do Seixo.

## O alcalde de Tui visitou o refuxio de animais onde viven 85 cans



O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, visitou o refuxio de animais situados en Guillarei onde a Protectora de Animais Aloia atende na actualidade a 85 cans. O rexedor tudense comprobou as últimas obras de mellora realizadas na estrutura e tellado dos canís, que redundaron nunha mellora da seguridade e do

benestar dos animais.

A Protectora de Animais Aloia leva recollido no que levamos de ano un total de 50 cans. Amais dos 80 que están no refuxio conta con outros 40 en casas de acollida, correndo esta asociación de voluntarios con todos os gastos do mesmo. O alcalde agradeceulle o importante labor que realizan.

## Tui aproba 93.000 euros en axudas para autónomos afectados pola COVID 19

No marco do Plan de Reactivación Económica Local “Reactiva Tui”, a Xunta de Goberno aprobou as primeiras 108 axudas a establecementos e persoas autónomas afectadas pola COVID 19, sumando un total de 93.168,45 € con axudas de ata 1.000 euros por solicitante.

As axudas van orientadas a gastos de aluguer do local comercial, investimento preciso para a transición ou optimización do comercio en liña e incorporación

das medidas de prevención e de acondicionamento do local ante a pandemia.

Segundo a concelleira de Comercio, Ana M<sup>a</sup> Núñez, o goberno municipal destinou a este programa uns 280.000 € para sufragar os gastos de empresas e autónomos que permaneceron sen actividade durante a Estado de Alarma. Aproveitou para agradecer o traballo desenvolvido polo persoal técnico do Centro Municipal de Formación no asesoramento sobre os requisitos de acceso ás axudas.

## Reducirase a taxa de lixo dos establecementos pechados pola pandemia

O Concello de Tui aplicará aos establecementos que tiveron que permanecer pechados durante o estado de alarma ou na actualidade coma consecuencia das medidas restritivas que están vixentes en Tui a mesma cota trimestral da taxa anual do lixo que ás viven-

das, cuxo importe é 21,19 € ao trimestre, no período no que estiveron sen actividade.

Os interesados deben presentar no ORAL a solicitude de aplicación deste artigo 3.3 da ordenanza, para o que poden descargar o modelo en tui.gal, e cumprimentalo cos seus datos.

## A controversia sobre a Biomasa sigue viva en Ponteareas

**REMITIDO**  
Para resituar a cuestión, debemos recordar que está en construción no casco urbano de Ponteareas o proxecto titulado "REDE URBANA DE CALOR CON BIOMASA- Fase I", que inclúe a instalación dunha Planta de Incineración de biomasa nun pequeno parque anexo ó Centro de Día. Nesta primeira fase instalárase unha caldeira e deixarase espazo para outra máis no mesmo lugar.

Isto aclara a controversia entre o goberno municipal e veciños detractores situada incluso na propia definición do tema. Mentras o primeiro fala da "caldeira" que se instalará nesta primeira fase; os segundos falan de "Planta" porque acollerá na 2ª fase unha segunda caldeira.

Como iniciativas máis recentes cabe destacar que a Asociación de Veciños Ponteareas Saudable, creada por promotores das asembleas veciñais, coa específica intención de facilitar a intervención administrativa, rexistrou a finais do pasado mes de outubro ante a Xefatura da Fiscalía a solicitude de apertura de dilixencias de investigación sobre a inversión de fondos públicos nun solar de titularidade privada e o emprego de falsedade documental.

Temén é importante salientar que Román Alonso, presidente da Asociación Ponteareas Saudable, entrevistou finalmente no

Pleno Municipal do pasado martes, 27 de outubro, feito que non puidera ser no Pleno anterior. En dez minutos expuxo as razóns da veciñanza mobilizada para opoñerse ao proxecto de biomasa en cuestión. Mencionou o destroce dun un espazo arborado e con parque biosaudable que disfrutaban os anciáns e usuarios do Centro de Día e a veciñanza próxima nun barrio tan carente destes equipamentos e acusou de falsedade informativa do goberno municipal por dicir que únicamente se afecta menos da cuarta parte.

Mencionou as emisións tóxicas da queima de leña, descritas no propio proxecto técnico, incluso algunhas como canceríxenas, mentres que o goberno afirma que é unha instalación "inocua". Recordou o fenómeno da inversión térmica ocasionante das néboas tan frecuentes que impedirá a dispersión dos gases emitidos e o arruinamento das vivendas próximas, algunhas a 20 metros. Destacou a falsedade informativa do goberno sobre a redución das emisións de CO2, sendo que o Intergovernmental Panel on Climatic Change (IPCC), organismo ligado a ONU, informa que as emisións de CO2 e outros gases de efecto invernadoiro na queima de leña son moi superiores ás do propio gasóleo e gas natural. Informou da noticia de que 800 científicos de todo o mundo firmasen



un manifesto dirixido ao Parlamento Europeo en 2018 pedindo que se retirase á biomasa a condición de renovable. Afeou que o concello inverta 700.000 euros para empeorar as condicións urbanísticas e ambientais do casco urbano e pediu a paralización das obras.

O alcalde respondeu conxuntamente á intervención de Román Alonso e a da Belén Villar (PP) alegando que o proxecto tiña todos os informes favorables, que hai informacións que distorsionan e alarman sin fundamento; que o PP tamén votou a favor do proxecto con toda a información dispoñible. Dixo que non podía paralizar as obras, porque hai un contrato e incurriría en responsabilidades, dado que, ao seu entender, non hai ningún

motivo que o xustifique. Mencionou a existencia dunha información "alarmante e sin peso científico, de coñecemento detrás válido" e que non é cuestión "de ver unha información a lixeira". Puxo como exemplo actuacións similares en Europa e España, reiterando que a biomasa é unha opción recoñecida pola UE. Así quedou pechado o debate.

Ante informacións tan contradictorias a veciñanza está dividida entre detractores e defensores do Proxecto da Planta de Biomasa guiándose intuitivamente pola maior o menor credibilidade que lle ofrece cada parte.

Paralelamente estanse desenvolvendo as caceroladas de cada venres con importante repercusión no barrio.

# Óptica mahen

*mahen* audloprótesis **Ópticos desde 1939**



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4